



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA
XUNTA DE GALICIA E ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO
“PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA”.**

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 126/2015, do 4 de outubro, do seu nomeamento, o Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, e a disposición transitoria segunda do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, Don Victor Manuel Muñoz Vázquez con DNI 35.308.641 F en calidade de representante legal, acreditado con poder notarial bastante, da entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia, con CIF G36639896, e con domicilio social en: 2ª Travesía Barrio Ribadavia 1-4º. Vigo. Pontevedra.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do



Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Segundo.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Terceiro.- No ámbito da protección de menores da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que o acollemento familiar tanto en familia allea como en familia extensa ten como finalidade a procura á persoa menor dun núcleo de convivencia familiar axeitado, ben sexa de xeito temporal, para a súa reinserción na súa familia de orixe ou para a súa adaptación á familia que a vaia adoptar, ou ben de forma permanente, cando a idade ou outras circunstancias do/da menor e a súa familia así o requiran.

Neste sentido, as familias acolledoras “extensas” necesitan apoios, recursos e intervencións na súa función de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, encher as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e a vinculación cos proxenitores.

Cuarto.- Aldeas Infantiles SOS Galicia conforme ao seu estatuto en vigor, é unha asociación con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica de obrar declarada de utilidade pública con todos os dereitos establecidos no artigo 3 do Decreto 1440/65 de 20 de maio, na reunión do Consello de Ministros de data 25 de maio de 1983 e está habilitada como Entidade Prestadora de Servizos Sociais co número E-3013.



Quinto.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e Aldeas Infantiles SOS Galicia, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar o acollemento familiar de menores e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores en situación de risco ou desamparo, para o que se considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.

Entre estes programas atópase o programa obxecto deste convenio de colaboración.

Trátase dun recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o que se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores favorecendo a consecución dos obxectivos marcados coa formalización do acollemento e prevendo posibles situacións futuras de risco.

Sexto.- O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

Sétimo.- A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, que ven sendo executado des hai anos por Aldeas Infantiles SOS Galicia, inicialmente na provincia de Pontevedra, extendéndose posteriormente ao resto da Comunidade Autónoma.

Considérase polo tanto idónea a Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/as menores e as súas familias a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para tal fin. Dacordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e



debidamente xustificadas, a suscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concurrencia pública, como é o caso.

Considérase polo tanto idónea a Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/ás menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

Aldeas Infantiles SOS Galicia ten acreditado ademais, a través dos correspondentes certificados, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e da Seguridade Social.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes otorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa" mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e/o aos/ás menores.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Menores acollidos/as en familia extensa, familias de acollida e pais e nais.



TERCEIRA.- OBXECTIVOS

O obxectivo do programa é facilitar a consecución dos obxetivos marcados no momento da formalización do acollemento e previr posibles situacións futuras de risco mediante detección e a abordaxe precoz dos problemas e/ou rehabilitación de situacións non desexables para o benestar dos/as menores.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:

- Proporcionar atención especializada adaptada ás necesidades dos/as acollidos/as, das familias de acollida e dos pais e nais por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos/as menores, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares.
- Apoiar educativamente ás familias e aos/as menores no desenvolvemento de habilidades dende o ámbito cognitivo, actitudinal e emocional para afrontar de forma competente o proceso de acollemento.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no Anexo II Programa de apoio aos acollementos.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Para o desenvolvemento do programa a Consellería de Política Social, a través da dirección xeral competente en materia de menores, comprométese a:

1. Derivar os diferentes casos á entidade colaboradora, por parte do equipo técnico do/da menor, a través da remisión dunha ficha de derivación do Programa, na que se inclúan os datos básicos do expediente, nome do/da menor, idade, familias de acollida, familia de orixe, domicilios actualizados e unha breve síntese da situación actual do expediente, na que se indiquen as áreas nas que se debe intervenir e a problemática detectada polos equipos técnicos.
2. Ofrecer soporte e asesoramento ao equipo responsable da execución do programa tanto no desenvolvemento deste coma nas dificultades que xurdan



durante as diferentes actuacións e levar a cabo xuntanzas de traballo, cando sexan necesarias.

3. Realizar todas as actuacións administrativas relativas aos casos derivados (menores integrados no programa, familias de acollida e familias de orixe), que de acordo coa súa competencia lle corresponda: selección das familias ás que se lle prestará o servizo que corresponda, notificacións dos casos aos responsables do programa, reunións, seguimentos, etc.), todo iso de acordo cos servizos que conforman o Programa e que se describen no Anexo II.
4. Supervisar e coordinar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería.

QUINTA.- COMPROMISOS DE ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, comprométese a levar a cabo todas as actividades e obxectivos recollidos no Anexo II do convenio, e ademais:

1. Asumir os casos derivados polos servizos periféricos competentes en materia de menores, unha vez formalizado o acollemento.
2. Designar os/as profesionais que levarán a cabo o programa nas distintas provincias da Comunidade Autónoma, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente, así como designar entre o dito personal un/ha coordinador/a ou responsable do programa.
3. Coordinarse coa dirección xeral competente en materia de menores, prestando o conveniente apoio técnico e celebrando xuntanzas de traballo cando sexan necesarias.
4. Remitir para cada un dos casos atendidos, informes de seguimento e intervención semestralmente, ou con outra periodicidade cando así o requiran en situacións xustificadas, os servizos periféricos competentes en materia de menores que lles correspondan.



5. Enviar semestralmente un informe estatístico sobre os casos atendidos nese período á Xefatura Territorial correspondente e á dirección xeral competente en materia de menores, que inclúa unha avaliación dos resultados obtidos.
6. Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do programa, unha memoria na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos: actividades realizadas, recursos empregados, datos estatísticos, resultados obtidos, valoración global e propostas de mellora.
7. Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/da menor sobre calquera outro.
8. Desenvolver as súas funcións en dependencias habilitadas para o efecto, debendo contar con despachos e salas de atención ás familias para visitas e contactos.

SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa Aldeas Infantiles SOS Galicia contará con diversos profesionais segundo as actividades seguintes e descritas no Anexo II:

Servizo de apoio especializado

- Equipos compostos por persoal especializado (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).
 - Equipo norte A Coruña - Lugo componse de tres profesionais.
 - Equipo Pontevedra - Ourense componse de tres profesionais.

Servizo de formación

- Un/ha docente para cada unha das zonas (norte/sur) para impartir a modalidade presencial e dirixir os grupos de apoio cunha dedicación semanal de vinte horas.

O equipo que Aldeas Infantiles SOS Galicia poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos/ás seus/súas traballadores/as e a que ostente respecto destes/as o correspondente poder de



dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador/a.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a ésta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- CONDICIÓN S ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de cento cincuenta un mil seiscientos setenta e nove euros **(151.679,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **12.02.312B.481.0** dos orzamentos da dirección xeral competente en materia de menores da Consellería de Política Social na anualidade de 2016, na que existe crédito axeitado e suficiente (LEI 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016). A devandita aportación económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, Aldeas Infantiles SOS Galicia comprométese a achegar a cantidade de cento trece mil setecentos coarenta e catro euros, con setenta e oito céntimos de euro **(113.744,78 €)** procedentes de fondos propios da entidade.

As devanditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no Anexo I deste convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

- Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de **121.343,20 €** (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituir as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

- Os **30.335,80 €** restantes pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

- Relación de facturas
- Facturas orixinais.
- Xustificantes de pago dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007.
- Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Nóminas dos traballadores que presten servizos imputables a este convenio.

O prazo máximo de xustificación é o 30 de decembro do 2016, salvo para aquela documentación que por causas non imputables ás partes non poda ser entregada nesta data que poderá presentarse antes do 31 de xaneiro de 2017.

Aldeas Infantiles SOS Galicia no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha



declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

Aldeas Infantiles SOS Galicia someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.

Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de



decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable do ficheiro “Xestión de servizos Sociais”, regulado pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG núm. 246, do 27 de decembro), autoriza a Aldeas Infantiles SOS Galicia como encargada do tratamento, para que acceda aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos da execución deste convenio.

Os encargados do tratamento tratarán os datos de conformidade coas instrucións da responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais, incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teñan acceso as encargadas do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A responsable do ficheiro, e, de ser o caso, as encargadas do tratamento deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no Título VIII do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo a responsable do ficheiro a dita conservación. As encargadas do tratamento



conservarán os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa responsable do ficheiro.

As encargadas do tratamento responderán directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos dos incumprimentos que se puideran derivar das condicións anteriores.

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social, designados polo conselleiro.
- Dous representantes de Aldeas Infantiles SOS Galicia, designados pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A Comisión reunirase con carácter ordinario unha vez por semestre e con carácter extraordinario cando sexa necesario, a petición de calquera das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2016.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS

Cando xurdan circunstancias concretas sobrevidas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións técnicas ou económicas establecidas no convenio de colaboración poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais esixidos.



DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido no Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

Así mesmo, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normas de procedente aplicación.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as incidencias ou dúbidas que poidan xurdir na súa execución.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio: o mutuo acordo das partes, o incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas, así como as establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do su pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

Aldeas Infantiles SOS Galicia comprométese a Subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas à Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS).

Así mesmo, a entidade asinante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos aos convenios asinados no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a consellería competente en materia de avaliación e reforma ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervintes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL**

José Manuel Rey Varela

**O PRESIDENTE DE ALDEAS INFANTILES
SOS GALICIA**

Victor Manuel Muñoz Vázquez



ANEXO I -- ORZAMENTO APOIO AOS ACOLEMENTOS (ENERO 2016- DECEMBRO 2016)

Partida Orzamentaria	Custos Xerais	Xunta	Aldeas	Servizo Apoio Especializado	Xunta	Aldeas	Servizo de Formación	Xunta	Aldeas
Alquiler oficina Coruña	10.890,00	5.977,22	4.912,78						
Servizo de Limpeza oficina	3.000,00		3.000,00						
Resto de custos de mantemento	1.000,00		1.000,00						
Mantemento máquinas oficina	300,00		300,00						
Seguros	600,00		600,00						
Custos Bancarios	40,00		40,00						
Auga	250,00		250,00						
Electricidade	2.500,00		2.500,00						
Calefacción									
Custos viaxes director	3.800,00		3.800,00						
Custos viaxes técnicos				6.500,00		6.500,00	4.000,00		4.000,00
Locomoción usuarios				1.080,00		1.080,00			
Teléfono	1.500,00		1.500,00						
Teléfono móbil				1.600,00		1.600,00	600,00		600,00
Material de oficina	2.000,00		2.000,00						
Cursos de formación				1.000,00		1.000,00	600,00		600,00
Soldo Director	24.937,43		24.937,43						
Soldo 2 Educadores Programa				38.357,20	38.357,20				
Soldo 4 Técnicos Programa				86.786,98	86.786,98				
Soldo 2 Técnicos Programa (1/2 xornada)							20.557,60	20.557,60	
Seguros Sociais	6.900,00		6.900,00	40.046,00		40.046,00	6.578,57		6.578,57
TOTAL CUSTOS	57.717,43	5.977,22	51.740,21	175.370,18	125.144,18	50.226,00	32.336,17	20.557,60	11.778,57

Aportación Cons. Política Social (57 %)

151.679,00

Aportación Aldeas Infantiles SOS (43 %)

113.744,78

TOTAL CUSTOS PROGRAMA:

265.423,78

Beneficiarios previstos

80 menores en familias usuarias do
servizo de intervención educativa.

320 usuarios do servizo de formación



ANEXO II – PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA

1. DENOMINACIÓN DO PROGRAMA

Programa de apoio ao acollemento familiar en familia extensa.

2. TIPO DE PROGRAMA

Programa de Protección integrado dentro da Política de Programas de Aldeas Infantiles SOS. Destinado a un dos seus grupos meta: nenos e nenas privados de coidado parenteral.

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE DESENVOLVER O PROGRAMA

Partimos do acollemento en familia extensa como unha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. No estado español a práctica deste tipo de acollementos é maioritaria, aproximadamente na actualidade o 85% dos acollementos que se dan realízanse en familia extensa.

Esta medida de protección estase a incrementar progresivamente na nosa sociedade, xa que:

- Permite que os menores vivan con persoas ás que coñecen e nas que confían.
- Reduce o trauma de vivir con persoas que inicialmente eran descoñecidas.
- Axuda á transmisión da identidade, a cultura, os valores e crenzas da familia.
- Fomenta as relacións e os vínculos cos seus pais -cando é posible-, irmáns/ás e outros membros da familia extensa.
- Anima as familias a confiar nos seus propios membros e recursos.
- Incrementa as oportunidades do menor de estar conectado coa súa comunidade e anima a comunidade a facerse responsable dos menores e as familias.
- Facilita o feito de que o menor poida recibir apoio e servizos dende a súa propia familia.
- Elimina a etiqueta de neno tutelado e acollido fóra da familia.

O acollemento en familia extensa como recurso de protección á infancia supón unha realidade complexa pola armazón nas relacións dos intervenientes: acolledores, proxenitores, menores acollidos, profesionais dos diferentes servizos e as múltiples áreas que tanto na vida do neno como na dos seus acolledores se ven afectadas.

As familias acolledoras extensas necesitan apoios, recursos e intervencións na súa función básica de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, cubrir as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e a vinculación cos proxenitores.



Aldeas Infantiles vén desenvolvendo programas de acollemento en Canarias e Galicia, nesta última comunidade lévase a cabo un Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa na provincia de Pontevedra dende xaneiro de 2010, en colaboración coa Consellería de Política Social. Os datos obtidos nestes anos de traballo reflicten por un lado unha realidade tanxible de problemas nos acollementos con familia extensa, e por outra parte avalan a utilidade que reporta o programa en canto á diminución de estrés familiar e a súa clara repercusión no benestar do menor.

A experiencia indícanos que canto maior é o tempo de convivencia dun menor cos seus acolledores fai menos previsible o retorno do menor cos seus proxenitores, pero isto non debe obstaculizar o traballo coas familias, todo depende do interese dos pais, da súa situación actual, do propio menor e dos acolledores. O que se pretende dende este programa é que as visitas sexan de maior calidade, que melloren as relacións entre as partes ou que se reduza o nivel de conflito, que se reforcen os recursos e habilidades dos acolledores para exercer as súas obrigas co menor de forma responsable, etc.

4. ÁMBITO XEOGRÁFICO DO PROGRAMA

Comunidade autónoma de Galicia.

5. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

OBXECTIVO XERAL

Facilitar o axeitado desenvolvemento do menor acollido mediante a formación, orientación, asesoramento e o apoio especializado ás familias e/ou aos menores.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Proporcionar atención especializada adaptada ás necesidades dos/as acollidos/as, as familias acolledoras e os proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parenterais e coidado dos menores, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares.
- Apoiar educativamente ás familias e aos/ás menores no desenvolvemento de habilidades dende o ámbito cognitivo, actitudinal e emocional para afrontar de forma competente o proceso de acollemento.

6. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O programa de Acollemento Familiar está estruturado en dous servizos, que responden ás necesidades do/a menor, da familia de acollida e dos proxenitores ao longo do proceso de acollemento, en coordinación cos equipos técnicos do menor.

Baseámonos na individualización e personalización dos recursos a disposición deste. Así a partir dun programa básico, se ofrece outro servizo complementario, que permite especializar e focalizar a intervención nas necesidades do menor, os seus proxenitores e a súa familia acolledora.



- SERVIZO DE APOIO ESPECIALIZADO
- SERVIZO DE FORMACIÓN

SERVIZO ESPECIALIZADO DE APOIO

DENOMINACIÓN DO SERVIZO

Apoio especializado ás familias acolledoras, os/as menores acollidos/as e os proxenitores.

TIPO DE SERVIZO

Recurso de apoio ao acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE DESENVOLVER O SERVIZO

Os programas especializados de apoio aos acollementos fanse precisos, co fin de detectar e dar solución ás dificultades que poidan xurdir no proceso de acollemento, tales como conflitos de intereses entre as diferentes partes intervinientes no acollemento, problemas nas visitas cos pais...

O papel mediador, informativo e formativo dun equipo de apoio pode chegar a optimizar as relacións entre as distintas figuras de apego do menor, evitando que as dinámicas disfuncionais repercutan negativamente no seu benestar.

DESCRICIÓN DO SERVIZO

Servizo formado por un equipo interdisciplinar de profesionais das áreas psicosocioeducativas que proporcionará atención especializada ás necesidades dos acollidos, as familias acolledoras e os proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións en mediación nas relacións familiares.

As familias ás que se lle prestará o servizo serán seleccionadas e posteriormente derivadas ao programa polos técnicos do servizo periféricos competentes en materia de menores, planificándose os obxectivos concretos de forma consensuada entre os técnicos do servizo, os técnicos do programa e as familias.

Atenderanse 80 casos de menores en toda a comunidade autónoma, para o que se implementarán dous equipos:

- Equipo norte A Coruña - Lugo que atenderá 40 casos.
- Equipo sur Pontevedra - Ourense que atenderá 40 casos.

PROCEDEMENTO E PROTOCOLO DE ALTA

Derivación do caso



- Correspóndelle ao servizo periférico competente en materia de menores o estudo, valoración e orientación cara a este recurso.
- Notificación aos responsables do Programa e formalización da ficha de derivación ao Programa.

Recepción do caso

- Reunión no servizo periférico competente en materia de menores do equipo de referencia cos responsables do Programa para presentar e establecer as liñas básicas de actuación nos seus distintos niveis (familiar, persoal....)
- Presentación da familia e acordo de compromisos de aceptación da inclusión no programa.
- Proxecto de actuación
- Estudo de necesidades para o que se levará a cabo visita domiciliaria e entrevistas necesarias.
- Elaboración e posta en marcha dun Proxecto Individualizado no que se concretarán obxectivos prioritarios a alcanzar expresados de forma concreta e temporalizados de forma realista.
- Reunións de seguimento co Equipo de Menores durante todo o proceso de intervención, así como reunións de coordinación cos distintos axentes sociais que interveñen no caso.

Baixa no Programa

- A baixa no programa será de acordo cos técnicos do servizo periférico competente en materia de menores, ben pola consecución dos obxectivos, ou ben por desexo expreso dalgunha das partes intervenientes.

O prazo máximo de permanencia no programa será de dous anos, salvo casos excepcionais, podendo prorrogarse por seis meses máis.

OBXECTIVOS DO SERVIZO

OBXECTIVO XERAL

- Proporcionar atención especializada adaptada ás necesidades das persoas acollidas, das persoas acolledoras e os proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parenterais e coidado dos menores, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Facilitar información, apoio e asesoramento ás familias e os/as menores acerca da medida establecida.
- Previr posibles situacións futuras de risco mediante a detección e a abordaxe precoz dos problemas e/ou rehabilitación de situacións non desexables para o benestar do neno e a nena.
- Promover na familia acolledora e os proxenitores, modelos apropiados de funcionamento individual e relacional.
- Facilitar ás familias acolledoras os recursos necesarios para favorecer un ámbito afectuoso e seguro para os nenos e nenas.



- Apoiar o proceso de acollemento para garantir que o menor acollido, poida manter o vínculo coa súa familia de orixe, traballando a relación con esta.
- Intervir a nivel individual e grupal coas familias e/ou menores.
- Mediar nas relacións cos pais e nais.
- Traballar o retorno sempre que sexa posible.
- Realizar o seguimento nos réximes de visita.
- Orientar as familias acolledoras e os menores sobre recursos e servizos comunitarios dispoñibles no seu ámbito e realizar a coordinación entre estes.

ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVERÁN

- Realización de reunións periódicas entre os técnicos de Aldeas Infantiles e os técnicos dos servizos periféricos competentes en materia de menores.
- Accións de acompañamento e formación dirixidos a desenvolver habilidades para afrontar as tarefas educativas.
- Acompañamento a menores e/ou familias segundo as necesidades concretas que poidan xurdir nas distintas áreas -social, sanitaria, educativa,...-
- Informes de seguimento do proceso de acollida.
- Accións de axuda dirixidas a que a familia de orixe interiorice a situación de acollemento.
- Establecemento de normas e límites aconsellables na relación coa familia acolledora.
- Sesións de traballo coa familia de orixe, dirixidas a facelos conscientes da importancia da súa colaboración na integración dos seus fillos no acollemento familiar.
- Sesións de traballo coa familia extensa acolledora e a familia de orixe dirixidas a mellorar a calidade das relacións entre ambas as dúas familias e o/a menor.
- Sesións de traballo en rede, con todos os equipos que interveñen no caso, para programar unha medida de intervención en función das necesidades detectadas de cada proxecto de actuación dende un enfoque metodolóxico interdisciplinar, dos casos derivados.
- Acompañamento nas visitas familiares entre o menor e a súa familia de orixe.
- Visitas domiciliarias tanto á familia de orixe -se é o caso- coma á familia acolledora e o/a menor.
- Accións formativas a través da intervención dirixidas a:
 - Mellorar a calidade das relacións familiares en relación ao menor.
 - Mellorar a calidade das relacións da familia co seu ámbito e reforzar o sistema de apoio ou rede social.
 - Adestramento en habilidades e estratexias socioeducativas.
 - Potenciar a autonomía e favorecer mecanismos de autoxestión.
- Accións formativas específicas para aquelas familias derivadas polos ETM para abordar e traballar conxuntamente habilidades, estratexias, formación e experiencias de cara a aprender e manter novas funcións como pais e nais.
- Deseño de espazos "puntos de encontro" entre a familia biolóxica e a familia extensa acolledora. Enténdese o punto de encontro, non como un espazo concreto, senón o feito en si de encontrarse ambas as dúas familias.
- Accións de mediación entre o menor, acolledores e proxenitores posibilitando distintas alternativas de intervención que axuden a estabilizar a dinámica familiar e a resolución de conflitos.
- Preparación do proceso de peche da acollida.



PERFIL DOS BENEFICIARIOS DIRECTOS DO SERVIZO

Casos de acollemento en familia extensa derivados polos servizos periféricos competentes en materia de menores. Menores acollidos/as, familia acolledora e proxenitores.

TEMPORALIZACIÓN

- Derivación do caso. Manterase entrevista coa familia no servizo periférico competente en materia de menores, nun prazo máximo de quince días tras a derivación do caso.
- Recepción do caso. Durante os quince días seguintes á presentación da familia realizarase visita domiciliaria por parte dos técnicos do programa.
- Proxecto de actuación. En dous meses o equipo elaborará o Proxecto Individualizado.
- Manteranse reunións co Equipo de Menores durante todo o proceso de intervención. Propóñense como mínimo reunións semestrais.
- De forma semestral emitirase informe sobre a evolución do caso.
- Baixa no programa. Finalizada a intervención comunicarase ao ETM baixa no programa nun prazo de quince días.

RECURSOS HUMANOS

Equipos compostos por persoal especializado (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).

- Equipo norte A Coruña - Lugo componse de tres profesionais.
- Equipo sur Pontevedra - Ourense componse de tres profesionais.

RECURSOS MATERIAIS

- Emprazaranse dúas instalacións con sede na Coruña e Vigo, onde se inclúen despachos e salas para entrevistas e/ou sesións de formación coas familias.
- Telf. e ordenadores.
- Material funxible.

AVALIACIÓN

A avaliación do servizo entendida como proceso permitiranos por un lado modificar os aspectos necesarios para dar unha resposta inmediata e de calidade ás posibles necesidades que xurdan ao longo da intervención e formular as propostas de mellora a incluír co fin de ofrecer un mellor servizo en futuras actuacións.

Realizarase en tres momentos diferenciados:

Avaliación inicial: Permite a valoración e detección de necesidades unha vez derivado o caso dende o servizo de menores para establecer os obxectivos a traballar coas familias.

Realizarase a través da análise da información achegada polos equipos técnicos, entrevistas coas familias,

registros de observación, cuestionarios, e visitas domiciliarias.

Avaliación continua: Permite realizar os cambios necesarios a través da retroalimentación do proceso de intervención. Partindo das necesidades detectadas e unha vez establecidos os obxectivos que se reflectirán no PI, revisárase periodicamente a consecución destes, a medida que se realizan as accións de intervención (visitas, contactos telefónicos, entrevistas, acompañamentos...) reflectindo as modificacións pertinentes nos informes de seguimento.

Avaliación final: Realízase unha vez finalizado o proceso de intervención, e permitirá valorar a eficacia xeral do servizo, a través do número obxectivos alcanzados (establecidos nas diferentes áreas de PI) e cuestionarios de nivel de satisfacción aos participantes. Os resultados finais quedarán reflectidos na memoria anual do programa.

SERVIZO DE FORMACIÓN

DENOMINACIÓN DO SERVIZO

Formación ás familias acolledoras.

TIPO DE SERVIZO

Recurso formativo-educativo para as familias acolledoras.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE DESENVOLVER O SERVIZO

Para as familias acolledoras supón un cambio nos roles desempeñados ata o momento (a maior parte de avós a "pais"), no seu estilo de vida e unha perda de privacidade que na maioría dos casos afrontan con incerteza, dúbidas e temores cara a posibles dificultades e problemáticas que poidan xurdir na convivencia diaria, polo que se fai necesario proporcionar á familia extensa apoio formativo como a calquera outra familia acolledora.

Así mesmo, nos/nas menores prodúcese un cambio propiciado polo acoplamento e o proceso de adaptación á nova situación, con todo o que iso implica no seu desenvolvemento e identidade persoal, que fai necesario que se aborde pedagogicamente co fin de facilitar o axuste familiar.

Xorde polo tanto a necesidade dunha formación e preparación que permita minimizar riscos e afrontar a nova situación dende unha perspectiva de cambio construtivo para todos os implicados.

DESCRICIÓN DO SERVIZO

Ofértase unha modalidade de formación presencial para todas aquelas familias extensas acolledoras que teñen formalizado un acollemento na Comunidade Autónoma de Galicia e que, dende os Equipos Técnicos de Menores se valore a necesidade de intervención.

A súa finalidade é, ademais de achegar a información e coñecementos necesarios sobre o proceso de



acollemento, dotar as familias das ferramentas necesarias para conformar un novo sistema de relacións sólido e estable, baseado nas fortalezas e puntos fortes de cada un dos seus participantes, que permita cubrir as necesidades materiais, afectivas e asistenciais dos menores acollidos.

OBXECTIVOS DO SERVIZO

OBXECTIVO XERAL

- Apoiar educativamente ás familias e aos/as menores no desenvolvemento de habilidades dende o ámbito cognitivo, actitudinal e emocional para afrontar de forma competente o proceso de acollemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Achegar información sobre o concepto de acollemento e as diferentes fases do proceso.
- Proporcionar asesoramento acerca dos recursos comunitarios dispoñibles.
- Valorar e axustar as expectativas de cada un dos participantes no proceso.
- Ofrecer unha perspectiva sistémica da nova estrutura familiar e promover un cambio en positivo.
- Achegar coñecementos acerca dos diferentes estilos educativos e dinámicas familiares.
- Adestrar as familias no uso dun estilo de comunicación asertivo que favoreza a empatía e a actitude comprensiva entre os diferentes implicados.
- Achegar información e práctica no manexo e aplicación de diferentes técnicas conductuais.
- Achegar información acerca de accións de prevención respecto á aparición de posibles condutas de risco.
- Dotar as familias de estratexias e habilidades para o manexo de situacións problemáticas.
- Favorecer unha autorregulación conductual, fortalecemento da autoestima e regulación emocional nos menores acollidos e os seus familiares.
- Apoiar as familias de forma continuada a través doutras accións de carácter formativo, e grupos de apoio.

CONTIDOS

BLOQUE TEMÁTICO 1. ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA:

- Definición de acollemento en familia extensa.
- Fases no proceso de acollida.
- Funcións, deberes e responsabilidades dos diferentes implicados.
- Recursos comunitarios: servizos sociais, prestacións económicas, asesoramento legal.

BLOQUE TEMÁTICO 2. DINÁMICAS FAMILIARES

- A familia entendida como "sistema".
- Cambios na estrutura familiar: normalización e afrontamento do cambio.
- Expectativas e cambios: proxección ao futuro.
- Modelos de interacción familiar: hiperprotector, delegante, autoritario, democrático.



BLOQUE TEMÁTICO 3. MANEXO DE CONDUTAS

- Etapas evolutivas e períodos críticos.
- Establecemento de normas e regras familiares: condutas e consecuencias.
- Adestramento en comunicación asertiva: verbal e non verbal.
- Técnicas de modificación de conduta: eliminación de condutas non desexadas e promoción de condutas positivas.

BLOQUE TEMÁTICO 4. DESENVOLVEMENTO PERSOAL

- Fomento da autoestima: autocoñecemento e valoración persoal.
- Intelixencia emocional: Identificación e manexo de emocións.
- Manexo do estrés: técnicas de autocontrol.
- Autocoidados mediante ocio e tempo libre.

ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVERÁN

Os contidos impartiranse mediante actividades baseadas en técnicas de dinámicas de grupo, role-playing, e outras de tipo cognitivo-conductual como adestramento en relaxación ou exercicios en imaxinación.

Outras actividades complementarias

- **Grupos de apoio:** reunións periódicas entre os integrantes das diferentes familias. A súa finalidade é proporcionar un apoio social e emocional ao compartir experiencias, sentimentos e solucións ante os posibles problemas que poidan xurdir na situación de acollemento. Estarán coordinadas por un profesional que intervirá minimamente para apoiar, reforzar ou redirixir a reunión en momentos puntuais.
- **Charlas e seminarios:** organizaranse charlas e seminarios dirixidas a afondar en estratexias ou temáticas relacionadas co proceso de acollemento.

METODOLOXÍA

Partimos dunha perspectiva sistémica e un enfoque ecolóxico polo que se terá en conta a todos os implicados e dinámicas relacionais que xurdan entre eles. Tanto na preparación de contidos como na súa impartición empregaremos ademais teorías e técnicas baseadas en diferentes perspectivas psicolóxicas que permitan dende o eclecticismo, ofrecer unha ampla gama de recursos que faciliten a súa aplicación na vida diaria tanto dos menores coma na dos seus familiares acolledores.

Ao longo das sesións empregarase unha metodoloxía activa e participativa cun enfoque socio-afectivo baseado na experiencia.

Formaranse polo tanto, diferentes clases de agrupamentos segundo a temática a abordar e o tipo de actividades: pequeno grupo ou/e gran grupo.



TEMPORALIZACIÓN

Formación presencial: Consta de 20 horas formativas que se levarán a cabo ao longo de 8 sesións de dúas horas e media de duración, unha vez constituído grupo, cos casos derivados dende o servizo de menores.

Poderanse formar 8 grupos de formación ao longo do ano para cada unha das zonas: norte (A Coruña - Lugo) e sur (Pontevedra - Ourense).

Grupos de apoio: Unha vez finalizada a formación presencial organizaranse grupos de apoio para as familias.

Charlas e seminarios: Organización dun seminario ao ano e diferentes charlas en función da demanda.

RECURSOS HUMANOS

- Un docente para cada unha das zonas, norte e sur, dedicado a impartir a modalidade presencial e dirixir os grupos de apoio cunha dedicación semanal de vinte horas.
- Familias acolledoras en pequenos grupos de máximo 20 persoas.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipos informáticos.
- Dosieres teórico-prácticos para docente e participantes.
- Cuestionarios.
- Material funxible.

RECURSOS ORGANIZATIVOS

- Situación física: segundo a dispersión xeográfica das familias participantes impartirase a formación de carácter presencial nas instalacións propias do programa ou ben nas que se dispoñan en caso de necesidade de traslado.
- Reunións de coordinación: o responsable da formación de cada zona, reunirse cunha periodicidade mensual cos membros do equipo técnico do programa para valorar a formación de novos grupos e axustar os contidos do programa se se considera oportuno, ás necesidades específicas das familias.
- En función da capacidade e do grao de manexo das familias de ferramentas informáticas valorarase a posibilidade de realizar a formación on-line.

AVALIACIÓN

Inicial: Adaptaranse os contidos previos da formación presencial a problemáticas e necesidades concretas das familias mediante a información proporcionada polos servizos Técnicos de Menores e un cuestionario que previamente, antes de iniciar a formación cubrirán os menores e familiares acolledores.

Continua: Ao longo das diferentes sesións poderanse modificar os obxectivos, contidos e actividades adaptándoos aos diferentes ritmos, coñecementos ou habilidades dos participantes, graduando ou



variando o nivel de dificultade, introducindo, ampliando, reducindo ou eliminando determinados aspectos segundo necesidades.

Ao finalizar cada unha das sesións cubrirase unha ficha na que se valorará os contidos traballados, a metodoloxía e actividades realizadas, o que nos permitirá introducir variacións en futuras sesións co fin de mellorar o proceso de formación.

Final: Unha vez finalizada a formación presencial pasarase un cuestionario de satisfacción a todos os participantes e realizarase unha sesión de na que mediante "discusión de grupo" os participantes poderán expoñer e compartir a súa opinión e valoración acerca da formación recibida.

7. CRITERIOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN

A avaliación enténdese como un proceso continuo dentro do desenvolvemento do Acollemento Familiar. Ao longo dos diferentes procedementos, así como en todo o enfoque do programa de Acollemento Familiar está a mellora continua como forma de avanzar no programa. A avaliación enténdese a diferentes niveis.

Avaliación de Procesos: Baseada na forma en que se realizan as accións e os diferentes procedementos, avaliando o cumprimento destes e detectando áreas de mellora.

Avaliación de Satisfacción: Considérase importante contar coa avaliación dos principais grupos de interese, o menor, a familia biolóxica, a familia acolledora, así como a propia administración, nos seus diferentes niveis. Igualmente, avalíase a opinión de todos aqueles equipos de traballo cos que se realiza un traballo en rede.

Avaliación de impacto e resultados: Neste apartado, avalíase a eficacia do programa así como os resultados nos menores e a familia a partir de indicadores de obxectivo.

Aldeas Infantiles SOS conta cun Plan Anual onde se programan os principais obxectivos e se avalía semestralmente.

Os resultados de todo o proceso de avaliación, incorpóranse a unha memoria de traballo anual.